

Día 3 do ano 2020

➤ Normas do xogo:

Obxectivo: Liberar a “Meiga dona do Tempo”

Número de misións obrigatorias a realizar.	5
Misións voluntarias	2
Puntos necesarios para alcanzar o obxectivo.	5.000 puntos
Nº de insinias que alcanzarás.	5, unha por misión lograda.
Personaxe que axuda neste obxectivo.	A fada do Sol

Con cada **misión obrigatoria** conseguirás 1000 puntos.

Con cada **misión voluntaria** conseguirás 500 puntos extra que poderás trocar por insinias ou outros complementos.

As **insinias** que alcanzarás son as fichas persoais de cada unha das personaxes.

MISIÓN 2:

Esta misión consta de 3 tarefas que deberás traer feitas no tempo que che diga a Fada do Sol:

1. Tarefa 1. Identificar a tarxeta cunha das personaxes. Ó final do obxectivo saberás se acertaches ou non.
2. Tarefa 2. O día 19 de outubro é o día das escritoras. Fai unha pequena investigación e responde a seguinte pregunta:
 - Por que se vai celebrar este ano o 19 de outubro?¹
 - A continuación escolle un libro da biblioteca persoal e fai unha ficha dunha autora. Podes buscar información na internet.

Exemplo de ficha:

Nome e apelidos.	
Data de nacemento, lugar....	
Bibliografía da escritora.	
Premios literarios acadados (se ten algún)	
Curiosidades.	

¹ <https://diadelasescritoras.bne.es/>

3. Tarefa 3: intentar adiviñar a escritora dos compañeiros unha vez que lean a ficha en alto na aula.

(Se resolves correctamente a misión e axústaste ó tempo conseguirás 1000 puntos e unha insignia.)

Misión extra: Alguén se acorda dunha escritora que vimos en 3º de EP polo día das escritoras.....o seu nome empezaba por E. Se traes escrita a súa ficha conseguirás 500 pts extra. Podes preguntarlle ós compañeiros senón a recordas, ou buscar o caderno de galego... unha de vós trouxera un libro onde aparecía. Ufff non sei se xa serán moitas pistas.

Sorte chicos!!!!